

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique cal dos seguintes non é sinónimo de "devagar":

- A) Amodo
- B) Engorde
- C) Paseniño
- D) Axiña

2. Das seguintes palabras, indique a que está escrita correctamente:

- A) Húmero
- B) Hovo
- C) Hencher
- D) Hoxe

3. A palabra "reiseñor" significa:

- A) Señor feudal que se dedicaba ao cultivo da terra e á gandaría extensiva
- B) Poeta medieval que creaba composicións literarias e musicais destinadas a seren cantadas polos xogares
- C) Porción do intestino dun animal que se somete a diferentes procesos para empregalo como material ou comestible
- D) Paxaro pequeno da familia do túrdidos, de cor castaña, máis arrubiada na cola e clara no ventre, que ten sona pola fermosura do seu canto

4. Das seguintes asociacións singular-plural, sinala a incorrecta:

- A) Útil-Útiles
- B) País-Países
- C) Animal-Animales
- D) Áxil-Áxiles

5. Indique cal das seguintes palabras figura escrita incorrectamente:

- A) Avogado
- B) Voda
- C) Viruxe
- D) Valea

6. Cal das seguintes series é correcta ortográficamente?

- A) Houbo-Goberno-Provar-Povo
- B) Oubo-Governo-Probar-Pobo
- C) Houbo-Goberno-Probar-Pobo
- D) Ouvo-Goberno-Probar-Povo

7. Das seguintes palabras, indique cal ten xénero feminino:

- A) Análise
- B) Leite
- C) Sinal
- D) Nariz

8. Sinale a serie na que todas as palabras figuran escritas correctamente:

- A) Exclamar–Esbirro–Expresión–Escaravello
- B) Esclamar–Exvirro–Espresión–Excarabello
- C) Exclamar–Exbirro–Expresión–Escaravello
- D) Esclamar–Esvirro–Expresión–Excarabello

9. Indique o nome da árbore que produce o froito da ameixa:

- A) Oliveira
- B) Ameixeira
- C) Ameixida
- D) Cerdeira

10. Das seguintes palabras, sinale a que non se corresponde cun número:

- A) Cincocentos
- B) Vente
- C) Sete
- D) Oitenta

Preguntas de reserva

1. Indicar a asociación incorrecta das seguintes palabras co seu superlativo:

- A) Mao–Malísimo
- B) Pequeno–Pequenérrimo
- C) Quente–Quentísimo
- D) Mísero–Misérrimo

2. Indique o significado correcto da palabra "varra":

- A) Peza longa de metal que hai nos bares ao longo do mostrador
- B) Peza longa e delgada de metal ou outro material ríxido, polo xeral en forma de cilindro ou prisma
- C) Primeira persoa do singular do presente de subxuntivo do verbo varrer
- D) Trade pequeno cunha barrena do tamaño dunha punta